



## / O que fixemos... /

### Xantar Inicio de Curso

Celebramos esta comida co motivo de reunir e integrar aos novos socios na nosa gran familia Tanxedoira. Esta vez, decidimos organizala no local para que, ao tempo que se ía aforrar, tamén poderíamos desfrutar das habilidades culinarias dos nosos socios.

Entre risas e complicidade chegamos á sobremesa, momento en que as guitarras comezaron a soar e @s máis festeir@s comezaron a bailar.

Xa entrado o serán, tocáballe o turno aos máis pequen@s, que saltaban e bailaban ao ritmo da música, mentres os maiores achegábanse a eles disfrutando e rexuvenecendo por momentos.

Con esta gran comida puidemos dar por inaugurado un novo curso en Tanxedoira. E agardemos que sexan moitos máis ■

*Carmen Paz.*

### Samaín

Outro ano máis, volvemos ter un terrorífico Samaín na Asociación. Primeiro tivo lugar a nosa "Merenda Susto" onde houbo de todo: ollos flotando sobre sangue, arañas comestibles, ataúdes de sándwich, tortas con cascudas....os nosos cociñeiros cada ano esméranse máis. Que traerán o ano que vén? :D

Destacar que os nosos pequenos mostruíños se portaron moi ben e non empezaron a comer ata que algún "monstro maior" deu o pistoletazo de saída. Porque hai que dicir que este ano non só tivemos moitos monstros pequenos senón que tamén tivemos un amplo repertorio de monstros adultos.

Despois da correspondente merenda vimos unha película aínda que algúns preferiron vela só un anaco e logo se dedicaron a xogar (o Twister cada vez ten máis e máis adeptos...).

Tamén aproveitamos a festa para celebrar o aniversario dunha das nosas socias e comer un anaquiño da deliciosa torta que trouxeron.

Por último, David guitarra en man cantou/tocou algunha historia de medo para os últimos peques da festa así que como podedes ver, foi un Samaín completiño así que o ano que vén non vola podedes ver!! ■

*Leticia Riestra.*



*"Isto é o que se chama empezar o curso con bo pé... E moi ben acompañado. Que festa!!"*



*"Aquí temos os nosos pequenos monstruíños... Merenda, festa e moito Twister".*

# / A destacar... /

## Axenda

· 13 de decembro.

**ACTUACIÓN DE CORO.** Igrexa de Santa María de Oza.  
Horario: 20:00 horas ■

· 20 de decembro.

**FESTIVAL DE NADAL 2014.** Centro Cívico de Eiris.  
Horario: 17:00 horas.

**ACTUACIÓN DE CORO E RONDALLA.** Centro Cívico de Arteixo. Horario: 20:00 horas ■

· 21 de decembro.

**ACTUACIÓN DE CORO.** Residencia para maiores de Sanitas. Costa de Santo Tomé. Horario: 18:00 horas ■

· 27 de decembro.

**CHOCOLATADA 2014.** Local Asociación Cultural Tanxedoira. Horario: 17:30 horas ■

# / Notas importantes... /

## Concurso de postais

Como xa vén sendo habitual por estas datas... Ábrese o prazo para participar no noso concurso de postais do Nadal. Este 2014 teremos dúas categorías; a primeira para adultos (maiores de 14 anos) e a segunda infantil (menores de 14 anos inclusive). Para máis información, encontraredes as bases do concurso no noso blog. Pero recordade... A data límite de entrega será o 13 de decembro! ■

## Chocolatada

O próximo 27 de decembro, ás 17:30 horas, organizarase unha merenda con chocolate e churros no noso local. Poñeremos unha lista no taboleiro de avisos da Asociación para que vos apuntedes. O prezo será dun 1 € por persoa (gratis para menores de 12 anos) . Esperamos vervos a todos! ■

## ¡Que non se vos esqueza a lotaría!

Para todos aqueles que non a teñades, recordarvos que aínda podedes conseguir décimos de lotaría de Tanxedoira. Poñédevos en contacto cos responsables polas canles habituais ■

# / Non perdás... /

## Festival de Nadal 2014

*Como cada ano por estas datas, estamos encantados de poder invitarvos a que asistades ao noso maravilloso Festival de Nadal.*

*Que mellor xeito de pechar o ano que compartindo en familia, e rodeado de bos amigos, unha tarde de diversión, festa e música.*

*Nesta ocasión poderemos coñecer o Centro Cívico de Eiris, xa que é a primeira vez que actuamos alí. Nas súas instalacións, gozaremos das actuacións do noso coro e da rondalla, como xa é costume. Pero o apartado musical non remata ahí, xa que os alumnos das nosas actividades musicais tamén nos deleitarán co seu bo facer.*

*Tamén estarán presentes os membros da agrupación de Teatro, sempre dispostos a facernos pasar un bo anaco, compartindo o seu gran sentido do humor sobre o escenario.*

*Para rematar, terá lugar o sorteo de dúas cestas de nadal. Unha será una cesta tradicional para adultos, como xa é costume nos nosos festivais de nadal, e a outra será unha cesta infantil pensada para os máis pequenos. Ademais, lembrade que neste festival de nadal daremos a coñecer os gañadores do concurso de postais.*

*Como vedes... Gozaremos dunha tarde que ningún debería perderse!*

